



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

RESOLUCIÓN

ASUNTO: CONTRATACIÓN DE SUSANA AÑÓN REY PARA SUBSTITUCIÓN DA LIMPADORA FIXA DESCONTINUA MIRIA GARCIA SOUTO, POLO TEMPO DE DURACIÓN DA IT (BOLSA ESTABILIZACIÓN)
EXPEDIENTE: 2025/G003/000045

ANTECEDENTES:

Con data do 12-12-2024 ditouse providencia de Alcaldía na que se dispón que por medio da bolsa de emprego de limpadores de instalacións municipais fixos descontinuos a tempo parcial, aprobada pola resolución de Alcaldía núm. 514/2023 do 13/06/2023, actualizada pola resolución núm. 245/2024 do 21-03-2024, se proceda a realizar os chamamentos, pola orde de prelación establecida na mesma, para a cobertura por substitución da persoa traballadora, Miria M^a García Souto, limpadora de instalacións municipais fixa descontinua a tempo parcial, en incapacidade temporal desde o 21-11-2024, polo tempo que dure a súa baixa e ata a súa incorporación.

Actualmente, o concello non dispón de persoal suficiente en plantilla que poida desenvolver as tarefas desempeñadas pola limpadora, polo que, dada a necesidade urxente de cubrir este posto, xustificada polo coordinador de Servizos, Alejandro Rodríguez Cruz, no seu informe emitido na data 15-11-2024, no que manifesta que a falta de cobertura vai ocasionar mermas na prestación dos servizos que viña prestando esta traballadora, consistentes na limpeza da Escola Eduardo Pondal de Ponteceso (4 horas diarias) e da Escola Unitaria de Brántuas (2 horas diarias), servizo que é necesario acometer diariamente para garantir un ambiente saudable e seguro, fundamental para o benestar da comunidade educativa, cómpre proceder á dita contratación.

Tendo en conta o funcionamento da bolsa de emprego, regulado na base 16.2 das xerais que rexeron a convocatoria e provisión das prazas incluídas na OPE extraordinaria de estabilización do emprego temporal 2022 do Concello de Ponteceso, aprobadas pola resolución de Alcaldía núm.1050/2022 do 20-12-2022.

Logo de ver o informe-proposta da técnica de Emprego Local, emitido o 27-01-2025, conforme ao disposto na citada providencia en relación aos chamamentos efectuados, que é do seguinte teor literal:

“INFORME CONTRATACIÓN “LIMPADORA/A DE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS” POR INCAPACIDADE TEMPORAL DA PERSOA TITULAR DO POSTO.

Informe/proposta de contratación de persoal a través da bolsa de emprego para o posto de “LIMPADORES/AS DE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS”, a favor de dona Susana Añón Rey.

Isabel Rejes Canoura, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Ponteceso.

ANTECEDENTES:

Na Resolución núm. 514/2023, do 13 de xuño de 2023, creouse e regulouse a bolsa de emprego de “limpadores de instalacións municipais” persoal fixo discontinuo a tempo parcial, actualizada pola resolución núm. 245/2024 do 21 de marzo de 2024, pola que se contratou á primeira persoa da listaxe a dona Miria María García Souto.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

Comunicación de data 30 de outubro de 2024 por parte de dona Miria María García Souto onde informa que o día 21 de novembro de 2024 será sometida a unha operación quirúrxica que conleva baixa por incapacidade temporal.

Informe de data 15 de novembro de 2024 emitido polo coordinador de obras e servizos, Alejandro Rodríguez Cruz no que se solicita a cobertura da baixa por incapacidade temporal de dona Miria María García Souto ata súa incorporación para poder cumprir os servizos de limpeza dada a actividade diaria do CEIP Eduardo Pondal de Ponteceso así como da escola unitaria de Brantuas debido á falta de persoal.

Vista a providencia de alcaldía de 12/12/2024 na que informa que debido a baixa por incapacidade temporal de dona Miria María García Souto dende o 21 de novembro de 2024, se proceda á contratación da seguinte persoa integrante da bolsa de emprego dispoñible para que o servizo non quede descuberto.

Vista a necesidade de contratación de una nova persoa da bolsa de emprego, iniciase o chamamento de persoas candidatas por parte da Axente de Emprego e Desenvolvemento Local por orde de prelación que reflicte a bolsa creada e reflexando a súa situación logo dos chamamentos do seguinte xeito:

Nº	APELIDOS E NOME	SITUACIÓN	CAUSA
1	Suárez Castro, Andrea	Suspensión	Traballa no Concello de Ponteceso
2	Fondo Castro, María Josefa	Rexeita	Presenta contrato de traballo
3	Barca Becerra, Óscar Alberto	Rexeita	Non presenta xustificante
4	Amado Mato, María Rocío	Suspensión	Traballa no Concello de Ponteceso
5	Souto Sotelo, María Vanessa	Rexeita	Non presenta xustificante
6	Varela Lema, María del Carmen	Rexeita	Presenta contrato de traballo
7	Añón Rey, Susana	Acepta o chamamento	Presenta por rexistro solicitude de aceptación do posto e documentación para a contratación
8	Parga Cousillas, Patricia	---	---
9	Villar García, José Antonio	---	---
10	Veres Lema, María Teresa	---	---
11	Vidal Pailos, Andrés	---	---
12	Bermúdez Varela, María Dolores	---	---



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

13	Rama Cousillas, Asessandro	---	---
14	Castro Pose, Ana María	---	---

Tras realizar os chamamentos por orde de prelación e comprobar a situación das persoas candidatas (aceptación, suspensión, traballando ou rexeitamento) e presentación da aceptación por parte da candidata Susana Añón Rey, en base ao anteriormente descrito,

PROPONSE:

1º. A contratación de dona Susana Añón Rey para o posto de “limpadores de instalacións municipais”, xa que presentou por rexistro de entrada número 20250000000057 de data 23.01.2025 a aceptación de chamamento e a documentación requirida para realizar a contratación para o posto de “limpadores de instalacións municipais” e logo de comprobar que dita documentación reúne os os requisitos esixidos segundo o establecido na resolución que regula a creación e funcionamento da bolsa de “limpadores/as de instalacións municipais” . A contratación estenderase dende a data de sinatura do contrato ata a incorporación de dona Miria María García Souto (persoa traballadora titular do posto).

2º. Excluir da bolsa de emprego para o posto de “limpadores de instalacións municipais” por non acreditar o motivo do rexeitamento ás persoas seguintes:

- Óscar Alberto Barca Becerra.
- María Vanessa Souto Sotelo.

Para que conste e surta os efectos oportunos, asino o presente informe na data de sinatura electrónica indicada á marxe.

A Axente de Emprego e Desenvolvemento Local,

Asdo.: Isabel Rejes Canoura”

Logo de revisar o expediente consta no mesmo solicitude presentada por D^a Susana Añón Rey con data do 23-01-2025 e R.E. 20250000000057 na que comunica que acepta o chamamento para cubrir o posto e achega a documentación esixida, entre a que se encontra o informe médico.

Na data de 30-01-2025 emitíuse pola Intervención municipal informe de fiscalización favorable (Ref: MGM.30.01.25.2) coas seguintes observacións:

“...A contratación unicamente poderase facer mentres o titular estea de baixa por incapacidade temporal. Tal e como se recolle no estatuto dos traballadores, no artigo 15.1, o contrato de traballo de duración determinada unicamente poderá celebrarse por circunstancias da produción ou por substitución da persoa traballadora. Para que se entenda que concorre causa xustificada de temporalidade será necesario que se especifiquen con precisión no contrato a causa habilitante



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

da contratación temporal, as circunstancias concretas que a xustifican e a súa conexión coa duración prevista”

De conformidade co establecido no artigo 21.1.a) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, LRBRL, e co artigo 61.1.a) e h) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, a competencia para resolver correspóndelle á Alcaldía.

Por todo o anterior, no uso das atribucións que me outorga a lexislación vixente,

RESOLVO

Primeiro: Excluir, de conformidade co informe-proposta da técnica de Emprego Local de data 27-01-2025, da bolsa de emprego de “Limpadores de instalacións municipais fixos descontinuos a tempo parcial”, aprobada pola resolución de Alcaldía núm. 514/2023 do 13/06/2023, aos seguintes integrantes que non xustificaron o motivo polo cal rexeitaron o chamamento:

- Oscar Alberto Barca Becerra
- María Vanessa Souto Sotelo

Segundo: Aprobar, de conformidade co informe-proposta da técnica de Emprego Local de data 27-01-2025, a actualización da bolsa de emprego de “Limpadores de instalacións municipais fixos descontinuos a tempo parcial”, aprobada pola resolución de Alcaldía núm. 514/2023 do 13/06/2023, despois de realizar os chamamentos correspondentes, acreditados no precitado informe:

Nº	APELIDOS E NOME	DNI	TOTAL	DESEMPATE BASE XERAL 9
1	SUÁREZ CASTRO ANDREA	***1345**	31	
2	FONDO CASTRO MARIA JOSEFA	***6626**	30	**23/11/1971
3	AMADO MATO MARIA ROCIO	***6146**	30	**12/03/1980
4	VARELA LEMA M ^a DEL CARMEN	***2941**	30	**26/12/1981
5	AÑÓN REY SUSANA	***1405**	20	
6	PARGA COUSILLAS PATRICIA	***4182**	7	
7	VILLAR GARCIA JOSÉ ANTONIO	***3357**	5	
8	VERES LEMA MARIA TERESA	***0805**	4	
9	VIDAL PAILOS ANDRÉS	***7621**	3	**19/09/1986
10	BERMÚDEZ VARELA M ^a DOLORES	***4295**	3	**11/07/1990
11	RAMA COUSILLAS ALESSANDRO	***4213**	3	**28/01/1993
12	CASTRO POSE ANA MARIA	***5587**	2	

Terceiro: Contratar, consonte á proposta da técnica de Emprego Local, á integrante nº 5 da bolsa, **D^a. SUSANA AÑÓN REY**, con DNI ***1405**, como persoal laboral de duración determinada, limpadora fixa descontinua a tempo parcial, con 30 horas de prestación semanal, co destino que ten a traballadora substituída, D^a. Miria María García Souto, e coas mesmas retribucións establecidas no vixente orzamento municipal, e ata a incorporación da traballadora en situación de IT que substitúe, consonte ao establecido no artigo 15.3 da Lei do Estatuto dos Traballadores, establecéndose como data de inicio do contrato o 03-02-2025.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

Cuarto: Publicar esta resolución na sede electrónica municipal e no taboleiro de anuncios, notificar á interesada e dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

Documento asinado electronicamente polo alcalde, José Manuel Mato Martínez, ante min, a secretaria, do que dou fe, aos efectos do disposto no artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018.

O alcalde,
D. José Manuel Mato Martínez

A secretaria,
D^a. Antía Pena Dorado